

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 07.03.2019

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.12 h do 07.03.2019, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Paineiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García (quen se ausenta durante o debate do punto 11.2 da orde do día) e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora accidental:

María Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

É:

### **1. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 107/2019 ao 215/2019**

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, toma a palabra para facer constar que as resolucións da alcaldía non se recibiron ata o día de hoxe, co cal non dá tempo a consultalas.

A secretaria comunica ao concelleiro do BNG que na convocatoria indicábase un código seguro de verificación para descargar os decretos na sede electrónica e que esta será a sistemática de traslado a partir de agora.

Os concelleiros danse por informados.

### **2. Dación de conta do período medio de pagamento global aos provedores e do informe sobre o cumprimento das previsións das medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente aos 4º trimestre de 2018**

O voceiro do Grupo Socialista, Antón Lois Noceda, recorda que a concelleira de Facenda quedou en dar explicación das facturas que non se contabilizaban para contar o período medio de pago.

A voceira do grupo do PP Rocío Bértoa toma a palabra para explicar en relación con este punto que no informe de tesourería que todos posúenponse de manifesto que non se necesita tomar ningunha medida, xa que se cumpre co período medio de pago establecido na lei e que neste informe se dá conta dos períodos que comprenden as facturas que se contabilizan.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, toma a palabra para solicitar ao goberno que na próxima Comisión de Facenda se lles explique o número de operacións pendentes e o importe.

O voceiro do Grupo Socialista, Antón Lois Noceda, remarca que están a solicitar información sobre que facturas quedan fóra deste cómputo e que na resposta dada non se aclara. Sobre as facturas que se presentan atrasadas e que non entran no cómputo do período medio de pago gustaríalles saber de cando e de onde proceden.

A voceira do grupo do PP Rocío Bértoa di que moitas facturas son do 2018 presentadas no 2019 e que non se poden cargar no orzamento que entrou en vigor en xaneiro.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, di que hai 814 pagos fóra do período medio de pago, replicando a Sra. Bértoa que o informe de tesourería di que o período medio de pago é de 16,61 días. Prosegue o Sr. Trigo dicindo que hai pagos dentro do período legal e outros fóra e pregunta por que hai 800 operacións que non se pagan en prazo, contestando a Sra. Bértoa que o volume de facturas de electricidade supuxo ese incremento.

O Sr. Noceda pide un desenvolvemento pormenorizado das ditas facturas e causas de retraso no pagamento.

Os concelleiros danse por informados.

**3. Dación de conta do informe de intervención sobre as obrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 4º trimestre do 2018**

Os concelleiros danse por informados.

**4. Dación de conta da remisión para o cumprimento das obrigacións contempladas na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 7 de abril**

Os concelleiros danse por informados.

En virtude das competencias que lle atribúe o artigo 32 ROM, o alcalde decide alterar a orde dos temas coa finalidade de non facer esperar ao persoal de POLIGAL presente no Pleno, de tal xeito que se debata a continuación o punto 10º.

**10. Aprobación, se procede, declaración institucional de apoio ás traballadoras e aos traballadores de POLIGAL-NARÓN**

Consta no expediente a Moción do grupo Mixto municipal, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Dinamización Social e Transparencia do 27.02.2019 por unanimidade:

“O pasado 22 de febreiro, o Conselleiro Delegado de Poligal, Santiago Font, comunicaba á representación social a solicitude dun concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Narón e, polo tanto, co posíbel despedimento dos seus preto de 120 traballadores e traballadoras.

Cómpre lembrar que Poligal (que se dedica á fabricación de plástico para a industria alimentaria e laminación), foi o buque insignia das subvencións e dos famosos plans de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra, ao abeiro das que recibiu suculentas axudas para mercar solo industrial, montar as naves e contratar persoal. E foi dende Narón de onde expandiu a súa actividade levantando fábricas en Portugal e Polonia, coas que agora ten que competir.

Só por mencionar os últimos investimentos en Narón, Poligal solicitou as seguintes subvencións apoiándose no Plan Ferrol:

- 2.645.520 €, dos 6.382.082 € do orzamento financiable (REINDUS 2007)
- 552.099 € dos 5.520.990 € financiables (é dicir, o 10% do orzamento financiable) e dos 1.945.219€ solicitados (IG100 IGAPE).
- IGAPE (Incentivos Rexionais), non concedida.
- 508.750 € dos 2.554.000 € solicitados e 5.108.000 € financiables (REINDUS 2009).

Os prestamos concedidos ao interese 0% e dous anos de carencia foron de 2.645.520 € (1ª fase) e 508.750 € (2ª fase), un total de 3.154.270 €, que equivalían ao 27,45% do orzamento financiable (REINDUS 2007 e 2009), máis os 552.099 € do IG100 a fondo perdido ao remate do investimento.

No 2008, solicitou de novo unha axuda ao Plan Ferrol para a renovación da Liña 1 de produción, concedéndolle 922.720 € dun orzamento financiable de 2.742.400 € (REINDUS 2008).

A empresa chegou a ter ingresado nas súas contas a contía de 4.490.960 €, que tivo que devolver ao non desenvolver as inversións.

Pasa o tempo e a empresa inviste máis de 40 millóns de euros nunha nova fábrica en Polonia (Skarbimierz), e en Portugal montan a liña de *cast*; tamén anuncian na prensa a súa intención de seguir medrando, incluso plantexando mercar unha fábrica en México.

A empresa crea unha maraña organizativa coa única finalidade de descapitalizar e deslocalizar en calquera momento. Así temos que:

- Os responsables de compras, de vendas, director financeiro, recursos humanos, calidade, I+D, e seguridade alimentaria, son os responsables das tres (Polonia, Narón e Portugal);
- Poligal Global Service é a comercializadora do grupo e único cliente das tres factorías; eles deciden o que se fai, cando e onde, podendo así manexar os pedidos en función dos intereses empresariais; nela están centralizadas as nóminas dos que son xefes e responsables, de xeito simultáneo, das 3 empresas, factorías que pagan un canon á comercializadora pola prestación de servizos; pola contra, Poligal Global Service opera dende as instalacións de Poligal Narón sen abonar aluguer ou algún outro servizo do que é usuaria;
- Os gastos da planta de Narón incrementáronse, conscientemente, nuns 500.000 € ao non ser copartícipes o resto de factorías dos custes de fabricación de especialidades de I+D, repercutindo o 100% do custo exclusivamente na factoría de Narón, o que foi denunciado en varias reunións coa empresa ao entender que de ditas probas de materiais se benefician tamén o resto das empresas do grupo, polo que debería ser presupostado anualmente e costeado entre as tres.

A pesares da descapitalización intencionada da dirección, Poligal Narón:

- ✓ Conta cunha plantilla máis que cualificada, como o evidencia o feito de conseguir os máis altos recoñecementos en calidade e seguridade alimentaria, chegando a obter e manter a certificación BRC;
- ✓ A planta e plantel teñen a característica de innovación e desenvolvemento de materiais especiais; o propio empresario chegou a definir a Poligal Narón como a “boutique” do grupo.

Por todo o anterior, os Grupos Políticos con representación no Pleno do Concello de Fene

## **MANIFESTAN**

1. O seu apoio e a súa solidariedade, e a das veciñas e veciños que representan, coas traballadoras e cos traballadores de Poligal-Narón, na xusta defensa dos seus postos de traballo.
2. A súa demanda á empresa para que renuncie ao concurso voluntario de acredores e retire a proposta de liquidación de Poligal-Narón.
3. A súa esixencia á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Industria, administracións que viñeron subvencionado a Poligal, do seu compromiso e implicación activa na solución deste conflito que, necesariamente, pasa polo normal funcionamento do centro de traballo de Narón e o mantemento do seu cadro de persoal, xa que doutro xeito non se pode entender a concesión de axudas públicas.

En Fene, a 27 de Febreiro de 2019”.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, toma a palabra para dar conta do apoio aos traballadores desta empresa que se beneficiou de axudas públicas nos últimos anos.

O voceiro do Grupo Socialista, Antón Lois Noceda, toma a palabra para deixar constancia do seu apoio aos traballadores e da necesidade do control nas axudas públicas que están para crear tecido industrial e postos de traballo.

O voceiro do grupo Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez, tamén manifesta o seu apoio aos traballadores.

A voceira do Grupo Mixto, Sra. Martínez Rodríguez, súmase ao apoio feito por todos os grupos políticos nesta situación.

O alcalde toma a palabra para mostrar o seu apoio e criticar a situación creada pola empresa que se aproveitou das axudas públicas estatais para expandirse ao estranxeiro e deixar deserto o centro no que se apoiou o grupo para medrar.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1. O seu apoio e a súa solidariedade, e a das veciñas e veciños que representan, coas traballadoras e cos traballadores de Poligal-Narón, na xusta defensa dos seus postos de traballo.**
- 2. A súa demanda á empresa para que renuncie ao concurso voluntario de acredores e retire a proposta de liquidación de Poligal-Narón.**
- 3. A súa esixencia á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Industria, administracións que viñeron subvencionado a Poligal, do seu compromiso e implicación activa na solución deste conflito que, necesariamente, pasa polo normal funcionamento do centro de traballo de Narón e o mantemento do seu cadro de persoal, xa que doutro xeito non se pode entender a concesión de axudas públicas.**

**5. Aprobación, se procede, da Moción do grupo Mixto municipal para controlar a proliferación das apostas on-line e casas de apostas e tomar medidas de prevención ante a ludopatía**

Consta no expediente a Moción do grupo Mixto municipal, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Dinamización Social e Transparencia do 27.02.2019 por 4 votos a favor (1 do grupo Mixto municipal, 2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Socialista):

“Dna. MARÍA CARMEN MARTÍNEZ RODRIGUEZ, Voceira do Grupo Municipal de ESQUERDA UNIDA Fene, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte:

MOCIÓN PARA CONTROLAR A PROLIFERACIÓN DAS APOSTAS ON-LINE E CASAS DE APOSTAS E TOMAR MEDIDAS DE PREVENCIÓN ANTE A LUDOPATÍA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*“...porque outra das funcións do deporte é ir erradicando cada vez máis da nosa patria o xogo, é dicir o vicio do xogo. Sabido é que outra das grandes batallas libradas vitoriosamente pola Revolución é a batalla contra o xogo. As clases explotadoras esforzábanse por corromper ao pobo; por iso é polo que no noso país había tal diversidade de xogos de todos tipos, desde a bolita até os casinos”.*

Discurso de Fidel Castro na clausura do Congreso de Voluntarios do Instituto Nacional de Deportes, Educación Física e Recreación (INDER).1961

Dende hai uns anos proliferan os anuncios en televisión, radio, prensa escrita, redes sociais... de casas de apostas deportivas on-line. Casas de apostas que insiren a súa publicidade en eventos deportivos, especialmente nas retransmisións deportivas e que mesmo chegan a utilizar estrelas do

fútbol para animar aos tele videntes a que aposten. Un sistema de xogo moito máis aditivo, sen pausas, con bonos «de balde» de entrada, e sobre todo cun inmenso investimento en publicidade que representa xusto os valores contrarios ás formas máis pausadas e tradicionais de apostar, como a lotaría de Nadal, a quiniela ou os cupóns da ONCE.

Hai 613.812 usuarios activos nas casas de apostas, segundo o último Informe Trimestral do Mercado do Xogo Online, un 13,44% máis que no mesmo segmento de 2016. Non só corresponde ás apostas deportivas, tamén a póker, casino e bingos virtuais. Até setembro de 2017, os operadores gastaron máis de 140 millóns de euros en promocionarse. En España hai máis de medio centenar de empresas con licenza no negocio on-line e presencial.

O xogo patolóxico é un trastorno que figura entre as adicións de tipo comportamental nas clasificacións médicas e psicolóxicas. Consiste na perda do control do comportamento en relación ao xogo que se caracteriza por ter graves consecuencias para as persoas como problemas académicos, laborais, económicos, sociais e/ou legais asociados ao xogo.

A clase traballadora, que normalmente non pode acceder a un traballo estable -dado o enorme paro crónico-, é tentada a arriscar as súas rendas gañadas en traballos precarios. Non é estraño que nos barrios e localidades onde menos renda hai, sexa onde as políticas neoliberais máis efectos negativos causen a través das casas de apostas. Estas afectan especialmente á mocidade, onde a falta de expectativas e dun futuro estable é o caldo de cultivo perfecto para ter doses rápidas de adrenalina e onde tentar conseguir diñeiro sen esforzo.

Tampouco é admisible que as casas de apostas aumenten día a día os seus beneficios e deixen ás familias e ao conxunto da sociedade a obrigaón de custear integramente o tratamento das persoas ás que enganaron. É de xustiza, por tanto, aumentar a contribución que os beneficios destas empresas teñen que facer ao conxunto da sociedade para que se poida tratar de maneira eficaz ás persoas adictas ao xogo e para que se poidan investigar eses mecanismos e previr futuras adicións.

De forma física ou a través de Internet, o que se esconde detrás de cada aposta é o mesmo: fanche ou perder que non é necesario traballar para xerar riqueza, que podes investir o teu diñeiro e, se o fas ben, multiplicaralo. Este conto liberal obvia que o teu beneficio implica que alguén como ti está a perder o seu diñeiro, tamén obvia que un día gañaches pero ao seguinte podes perder moito máis. Non é cuestión de xeito que, en última instancia, sexa o dono da casa de apostas o único que gañe, é cuestión de matemáticas.

É o momento de que as diferentes institucións **adapten a normativa á realidade social, económica e tecnolóxica da actividade do xogo** antes de que se converta nunha secuela sen retorno.

Expomos nesta moción unha serie de medidas, a nivel municipal e supra municipal, para atallar esta problemática. Por un lado, entendemos que é necesario prohibir a publicidade destes locais e frear a súa expansión a través das ordenanzas ou as normas urbanísticas, tamén son importantes as medidas de prevención ante a ludopatía. Por último, expomos unha serie de propostas a nivel fiscal para gravar a actividade das casas de apostas e do xogo on-line.

Por todo isto, o grupo municipal de ESQUERDA UNIDA FENE propón ao Pleno a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

PRIMEIRO: Instar o Goberno do Estado a reformar a Lei Xeral da Comunicación Audiovisual e a Lei Xeral de Publicidade para que se regule a publicidade das Casas de Apostas e prohibase o que estas empresas poidan publicitarse para facer efectiva a protección do público infantil e xuvenil e a impulsar o Real Decreto de Comunicacóns Comerciais das Actividades de Xogo e de Xogo Responsable co obxectivo de restrinxir a publicidade para xogos e apostas online.

SEGUNDO: Instar o Goberno Autonómico a que, igual que pasa co gremio de tabacaleiras ou farmacias, limite a apertura das casas de apostas físicas mediante o establecemento dun mínimo de metros de separación ou por núcleos de poboación, para a frear así a súa expansión.

TERCEIRO: Instar o Goberno Autonómico a que prohiba as terminais de apostas deportivas en salóns de xogo, bingos e casinos.

CUARTO: Instar o Goberno Local a que estude a revisión das ordenanzas ou da PGOU para introducir limitacións urbanísticas á implantación de locais de apostas nas inmediacións de espazos frecuentados pola infancia, a adolescencia e a mocidade, como os centros educativos, culturais, deportivos ou xuvenís.

QUINTO: Instar o Goberno Local a que, a través da Ordenanza de Publicidade, regule a eliminación de calquera cartelería do mobiliario urbano ou do espazo público deste tipo de establecementos, deixando exclusivamente os carteis do propio local, e nos que se inclúa unicamente o nome e sen ningún tipo de publicidade.

SEXTO: Instar o Goberno Local a que realice actividades informativas nos centros escolares para profundar no uso que fan os mozos dos xogos on-line e de apostas e nos posibles problemas derivados deste uso e a que poña en marcha modelos de lecer e espazos de socialización xestionados directamente pola mocidade onde poidan desenvolver un lecer san, que potencie o coñecemento, o deporte e as artes.

SÉPTIMO: Instar o Goberno Local a que reforce a formación da Policía Local de modo que se familiaricen coas infraccións máis habituais relacionadas coas apostas e o xogo, particularmente no acceso de menores de idade, persoas incapacitadas legais e persoas co acceso ao xogo legalmente restrinxido.

OCTAVO: Instar o Goberno Local a que solicite aos equipos de fútbol locais e aos seus xogadores a colaborar para que non se identifique o deporte coas apostas, asumindo a súa responsabilidade social, eliminando a publicidade das casas de apostas, pondo en marcha campañas de concienciación e non asinando convenios de colaboración nin patrocinar a entidades deportivas que fagan publicidade das casas de apostas.

NOVENO: Instar o Goberno do Estado a aumentar o tipo aplicable no Imposto sobre Actividades do Xogo para as casas de apostas e do xogo online.

DÉCIMO: Instar o Goberno Local a que cre unha taxa específica por utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, que teña que ser abonada polos establecementos que instalen pantallas ou outro tipo de dispositivos para desenvolver a súa actividade empresarial con fronte directa á vía pública ou en liña de fachada.

En Fene, 18 de Febreiro de 2019.-  
Asdo. : M<sup>a</sup> Carmen Martínez  
Voceira do Grupo Municipal de EU Fene"

A Concelleira do Grupo Mixto, M<sup>a</sup> Carmen Martínez, toma a palabra para ler a Moción presentada.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, toma a palabra para recordar que xa fai anos o problema de ludopatía estaba latente e obrigou a tomar medidas para acotar a publicidade. Nestes momentos o problema parece xurdir de novo, con perfís de xente máis nova, co cal están a favor desta moción.

O voceiro do Grupo Socialista, Antón Lois Noceda, tamén apoia esta moción, dando conta que para este grupo o xogo debe estar limitado a locais específicos. En relación ao punto terceiro da moción incluíría unha emenda na que incluíría as cafeterías ou bares públicos que dispoñen destas máquinas.

A Concelleira do Grupo Mixto acepta esta emenda, co cal o Presidente do Pleno fai referencia a que se inclúa no punto terceiro os locais de hostalaría, decidindo que o punto terceiro quedaría redactado da seguinte maneira : "TERCEIRO: Instar o Goberno Autonómico a que prohiba as terminais de apostas deportivas en salóns de xogo, bingos, casinos e locais de hostalaría".

A voceira do Grupo Popular, Rocío Bértoa, fai referencia ao décimo punto proposto que xa está limitado en normativa autonómica co cal a normativa local estaría por debaixo co que non se poderían dar autorizacións. Afirmo que ao Grupo Popular tamén lle preocupa esta situación e vai a votar a favor desta moción.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO:** Instar o Goberno do Estado a reformar a Lei Xeral da Comunicación Audiovisual e a Lei Xeral de Publicidade para que se regule a publicidade das Casas de Apostas e prohibase o que estas empresas poidan publicitarse para facer efectiva a protección do público infantil e xuvenil e a impulsar o Real Decreto de Comunicacions Comerciais das Actividades de Xogo e de Xogo Responsable co obxectivo de restrinxir a publicidade para xogos e apostas online.

**SEGUNDO:** Instar o Goberno Autonómico a que, igual que pasa co gremio de tabacaleiras ou farmacias, limite a apertura das casas de apostas físicas mediante o establecemento dun mínimo de metros de separación ou por núcleos de poboación, para a frear así a súa expansión.

**TERCEIRO:** Instar o Goberno Autonómico a que prohiba as terminais de apostas deportivas en salóns de xogo, bingos, casinos e locais de hostalaría.

**CUARTO:** Instar o Goberno Local a que estude a revisión das ordenanzas ou da PGOU para introducir limitacións urbanísticas á implantación de locais de apostas nas inmediacións de espazos frecuentados pola infancia, a adolescencia e a mocidade, como os centros educativos, culturais, deportivos ou xuvenís.

**QUINTO:** Instar o Goberno Local a que, a través da Ordenanza de Publicidade, regule a eliminación de calquera cartelaría do mobiliario urbano ou do espazo público deste tipo de establecementos, deixando exclusivamente os carteis do propio local, e nos que se inclúa unicamente o nome e sen ningún tipo de publicidade.

**SEXTO:** Instar o Goberno Local a que realice actividades informativas nos centros escolares para profundar no uso que fan os mozos dos xogos on-line e de apostas e nos posibles problemas derivados deste uso e a que poña en marcha modelos de lecer e espazos de socialización xestionados directamente pola mocidade onde poidan desenvolver un lecer san, que potencie o coñecemento, o deporte e as artes.

**SÉPTIMO:** Instar o Goberno Local a que reforce a formación da Policía Local de modo que se familiaricen coas infraccións máis habituais relacionadas coas apostas e o xogo, particularmente no acceso de menores de idade, persoas incapacitadas legais e persoas co acceso ao xogo legalmente restrinxido.

**OITAVO:** Instar o Goberno Local a que solicite aos equipos de fútbol locais e aos seus xogadores a colaborar para que non se identifique o deporte coas apostas, asumindo a súa responsabilidade social, eliminando a publicidade das casas de apostas, pondo en marcha campañas de concienciación e non asinando convenios de colaboración nin patrocinar a entidades deportivas que fagan publicidade das casas de apostas.

**NOVENO:** Instar o Goberno do Estado a aumentar o tipo aplicable no Imposto sobre Actividades do Xogo para as casas de apostas e do xogo online.

**DÉCIMO:** Instar o Goberno Local a que cre unha taxa específica por utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, que teña que ser abonada polos establecementos que instalen pantallas ou outro tipo de dispositivos para desenvolver a súa actividade empresarial con fronte directa á vía pública ou en liña de fachada.

A continuación intervén o alcalde que propón tratar conxuntamente os puntos 6, 7, 8 e 9 da orde do día ao ter un contido semellante, conforme dispón o artigo 32 ROM e que se relacionan a continuación:

## **6. Aprobación, se procede, da Moción do grupo Mixto municipal de apoio á folga feminista do 8 de marzo de 2019**

Consta no expediente a Moción do grupo Mixto municipal, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Dinamización Social e Transparencia do 27.02.2019 3 votos a favor (1 do grupo Mixto municipal e 2 do grupo municipal do BNG) e 4 abstencións (2 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene):

“Dña. MARÍA CARMEN MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Voceira do Grupo Municipal de ESQUERDA UNIDA FENE, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte

### MOCIÓN DE APOIO A FOLGA FEMINISTA

8 de marzo de 2019

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 8 de Marzo, día Internacional da Muller, o movemento feminista co apoio de organizacións políticas, sociais e sindicais convocan unha folga feminista que, tralo éxito do ano pasado, este 2019 acada unha dimensión internacional.

A folga feminista é unha convocatoria de 24 horas de denuncia fronte ás desigualdades, as discriminacións e as violencias estruturais que sofre máis da metade da poboación mundial, as mulleres, pero tamén de reivindicación dun novo modelo social, xusto, democrático e igualitario.

A folga feminista resposta tamén de forma estrutural, contra o sistema capitalista e patriarcal que se basea en obter beneficios e privilexios das desigualdades e opresións que sofren as mulleres en toda a súa diversidade (migrantes, racializadas, trans, con capacidades diferentes, novas e maiores). A invisibilización dos traballos de coidados, a feminización da pobreza, as violencias machistas e a falta de liberdade nas identidades sexuais e/ou expresións de xénero son algúns dos síntomas da subordinación social á que nos vemos sometidas en todas as esferas da vida e fai ineludible tomar todos os espazos que tamén nos pertencen: as rúas, as institucións, os centros de traballo ou estudo, os mercados, etc. Para demostrar que se nós paramos, o mundo derrúbase.

Un mundo cuxo funcionamento, datos e prácticas nos engloba e debúxanos nos seguintes escenarios:

- En todo o mundo, as mulleres gañan só entre o 60 e o 75 por cento do salario dos homes en traballo similares. A longo prazo, esta fenda salarial afecta ás súas pensións. Ademais, as mulleres nos atopan cun maior risco de pobreza e exclusión social que os homes, instalándose especialmente nos fogares monomarentais. En Galicia a fenda salarial entre mulleres e homes sitúase nun 30%. Esta é a porcentaxe na que debemos incrementar os ingresos medios das mulleres para igualar o dos homes e conseguir equiparación retributiva. Así, segundo os últimos datos do Enquisa Anual de Estrutura Salarial do 2016, as mulleres ingresaron 5.480 € menos que os homes polo seu traballo asalariado.
- A práctica da interrupción voluntaria do embarazo non está garantida para todas as mulleres (migrantes ou mulleres entre os 16-18 anos). A lexislación existente permite que a clase médica máis reaccionaria poida negarse a realizar o IVE e que o Código Penal siga contemplando o aborto como un delito. Ademais esiximos que se realicen de forma gratuíta e dentro do Sistema de Saúde público. Denunciamos a represión cara a quenes encabezan a loita polos dereitos sociais e reprodutivos.
- A misoxinia percorre a cultura e a ciencia en todos os seus ámbitos. Na arte, na literatura, no cine, nas matemáticas, na bioloxía, na inxeniería ou arquitectura... as mulleres apenas existen no espazo público. Esta invisibilización elimina as mulleres da Historia e fai que todas as súas achegas foran e sigan sendo totalmente ignoradas. Esiximos unha memoria histórica feminista que reivindique e rescate o papel e a presenza imprescindible das mulleres en temarios e materiais docentes en todos os niveis educativos e en todos os espazos culturais.



- As mulleres están desprotexidas fronte ás agresións sexuais e as violacións; desde 2016 cometéronse 89 agresións sexuais múltiples no Estado Español. Esiximos unha educación afectivo-sexual desde a igualdade e a diversidade sexual, identidade e/ou expresión de xénero e que eduque aos homes nunha masculinidade non violenta.
- Os continuos asasinatos de mulleres deben traducirse nun rexeitamento frontal a esta inaceptable realidade, que consolide a construción dunha cultura antipatriarcal para erradicar esta violencia sistémica da vida das mulleres. O Pacto de Estado contra as violencias machistas -polo demais insuficiente- debe dotarse de forma inmediata de recursos e medios suficientes para o desenvolvemento de políticas públicas globais, reais e efectivas que axuden a conseguir unha sociedade libre de violencias contra as mulleres e nenas.
- A notoria expansión que está adquirindo o debate e a demanda dos ventres/úteros de aluguer, non o esquezamos, de mulleres empobrecidas que son quen se ven obrigadas a esta forma de explotación capitalista e patriarcal, é un nicho de negocio que mercantiliza os corpos.
- As miles e miles de mulleres e nenas traficadas para consumo sexual dos homes e a súa irrefutable conexión coa "industria do sexo" e a prostitución, fai imprescindible a posta en marcha de políticas públicas e protocolos globais contra a Trata que implementen o Protocolo de Palermo para que as mulleres vítimas de trata e en situación de prostitución teñan alternativas formativas e laborais, asistencia social e mecanismos de asilo e protección reais.
- As mulleres migrantes sofren maiores violencias no proceso migratorio e discriminacións xenófobas e racistas. Por elo son necesarias unhas políticas de estranxeiría respetuosas cos dereitos humanos e unhas políticas públicas que creen alternativas para as traballadoras migrantes en situación administrativa irregular, que loiten contra a súa exclusión e abuso no mercado laboral.

D-0  
09E  
05I

-d

Por estas e moitas máis razóns é imprescindible que este Concello/Deputación apoie a Folga Feminista convocada para o 8 de marzo. Unha folga que irá enmarcada con grandes manifestacións onde as mulleres tomaremos as rúas para demostrar que non só hai que parar o mundo, senón que tamén hai que transformalo, cambiando os modelos patriarcais e capitalistas por modelos de igualdade, xustiza, paridade, liberdade, diversidade e democracia.

Por todo iso, o grupo municipal de ESQUERDA UNIDA FENE, propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Apoiar a Folga Xeral Feminista, facilitando o seu desenvolvemento nesta Corporación.

SEGUNDO.- Articular na práctica políticas globais con dotación económica suficiente, de xestión pública, con estatísticas e avaliacións, que cambien a realidade material das mulleres, en aras dunha igualdade real.

TERCEIRO.- Facilitar con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres no 8 de marzo.

CUARTO.- Enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.

Fene, 18 de febreiro de 2019.-

Asdo.- MARÍA CARMEN MARTÍNEZ RODRÍGUEZ

Voceira do Grupo Municipal de ESQUERDA UNIDA FENE"

### **7. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal do BNG en relación co recoñecemento e apoio a Galegas 8M e á convocatoria de manifestación nacional do día 3 de marzo e de folga de mulleres do 8 de marzo de 2019**

Consta no expediente a Moción do grupo Mixto municipal, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Dinamización Social e Transparencia do 27.02.2019 por 3 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal) e 4 abstencións (2 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene):

## “MOCIÓN 8 DE MARZO

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, en apoio ás reivindicacións do 8 de marzo

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 8 de marzo de 2018 tivo lugar unha mobilización sen precedentes de mulleres secundando unha convocatoria internacional de paros e mobilizacións. O obxectivo fundamental era denunciar a vixencia da desigualdade manifestada en múltiples aspectos. Desde a fenda salarial e os problemas laborais das mulleres con maior temporalidade, xornadas parciais e precariedade, a falsa conciliación sen servizos públicos que asuman os traballos de cuidados que continúan a recaer, de maneira moi maioritaria, nas mulleres e que, por tanto, ven minguadas as posibilidades de desenvolvemento profesional, ou a situación de violencia que padecen as mulleres tanto por acoso, violacións e abusos como pola cantidade de feminicidios que se continúan a producir. Só no 2018 foron asasinadas en Galiza tres mulleres.

A mobilización, que desbordou todas as previsións existentes ao respecto, foi precedida dunha manifestación nacional o domingo 4 de marzo, unha convocatoria tamén histórica e impulsada polo feminismo galego. Foron moitas as persoas que participaron nas diferentes concentracións e na Galiza observamos como, proporcionalmente, a mobilización foi maior que no resto do Estado. Esta altísima participación tivo repercusión en todas as cidades e moitas vilas galegas e dá conta de que as mulleres estamos fartas de aturar esta situación desigualdade e violencia e que somos conscientes do retroceso enorme que estamos a padecer en xeral e, no caso galego, en particular, nomeadamente con índices que inciden nunha dupla discriminación, como mulleres e como galegas.

A dereita dedicouse a desacreditar e criminalizar a convocatoria. Máis aínda, cómpre recordar o desafortunado papel da Xunta de Galiza, que acarrea varias sentenzas por mor do seu intento de obstaculizar o dereito a folga. Así, se ben a administración galega debiera ter sido exemplar canto ao respecto dos dereitos laborais de folga, tivemos varios exemplos de que non fora así.

Despois das mobilizacións desenvolvidas no noso país temos que lamentar que a resposta por parte das institucións, desde o Estado e sobre todo desde a Xunta de Galiza, teñen sido insuficientes. Desde entón, a Xunta de Galiza non levou a cabo ningunha rectificación para compensar case unha década de políticas económicas e sociais contrarias aos intereses das maiorías sociais en xeral e das mulleres en particular.

Malia mudar o Partido Popular de discurso inmediatamente despois do 8 de marzo de 2018, confirmouse que non hai unha vontade de cambio político real como o que precisamos as mulleres galegas para eliminar ou reducir a preeminencia do patriarcado. Un patriarcado cuxo agravamento está directamente relacionado coas políticas que a dereita leva a executando desde hai anos e no caso galego tamén cunha falta de capacidade de decisión política que nos limita.

Os acontecementos e debates arredor deste histórico 8 de marzo sitúan un desafío político de primeira orde ao servizo do que tiñamos que poñer os nosos instrumentos e capacidades, tamén desde os poderes públicos. Continúan vixentes os motivos que levaron a milleiros de galegas ás rúas hai un ano e é máis, engádense novos retos. Vivimos neste momento unha ofensiva reaccionaria e patriarcal impulsada pola dereita que ten entre outras ameazas o intento de cuestionar a violencia machista, retrotraela ao ámbito do fogar e romper os consensos aos que se tiña chegado cando nin sequera se cumpre co marco legal. Unha ofensiva que tamén afecta aos nosos corpos e a decisión sobre eles, impulsando os ventres de aluguer ou o recorte en dereitos reprodutivos e sexuais como política de fomento da natalidade, situando as mulleres como mercadoría e como obxecto.

Porén, o feminismo galego non vai permitir nin un só paso atrás e desde o BNG chamamos a saudar e sumar a prol das súas iniciativas. Hoxe o movemento feminista galego desde o espazo colectivo Galegas 8M traballa no impulso dunha manifestación nacional o vindeiro 3 de marzo en Lugo e nas mobilizacións do propio 8 de marzo, data na que existe xa a convocatoria de Folga Xeral de Mulleres de 24 horas rexistrada polo sindicato maioritario de Galiza, a Confederación Intersindical Galega.

A ofensiva patriarcal do momento esixe unha resposta máis contundente. É innegábel que despois dunha época de expansión dos dereitos das mulleres e do avance da igualdade estamos a vivir unha forte ofensiva patriarcal de grande complexidade. Aí están, por exemplo, as barrigas de aluguer, a custodia compartida imposta ou a restrición do dereito ao aborto nun contexto no que mentres a violencia machista continúa asasinando mulleres o tan aplaudido Pacto de Estado contra a violencia machista non trouxo un impulso de mudanzas legislativas e de compromisos orzamentarios suficientes, nin tampouco o goberno galego é permeábel a comprometerse con saltos cualitativos neste aspecto que supoñan cumprir e desenvolver o sinalado na aínda hoxe pioneira lei galega de 2007.

Esta nova folga feminista do 8 de marzo debe ser unha resposta contundente. As mulleres galegas non permitiremos un só paso atrás e esiximos máis para un presente e un futuro de feminismo e liberdade.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Manifestar o seu recoñecemento e apoio a Galegas 8M e á convocatoria de manifestación nacional do día 3 de marzo e de folga de mulleres do 8 marzo de 2019, así como manifestar a desaprobação da Xunta de Galiza por ter actuado de forma incorrecta vulnerando o dereito fundamental de folga diante do pasado 8 de marzo de 2018 e non ter impulsado unha rectificación das súas políticas, que contribúen á permanencia da desigualdade. Así mesmo, esta corporación manifesta o seu compromiso contra as ameazas de retrocesos en materia de dereitos, de forma especial canto a violencia machista, o dereito ao aborto e a permisividade ou legalización dos ventres de aluguer.

D-0

09E

150

8

F:

C.T

#### **8. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal do Popular con motivo do 8 de marzo, día internacional da muller**

Consta no expediente a Moción do grupo Mixto municipal, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Dinamización Social e Transparencia do 27.02.2019 por 2 votos a favor do grupo municipal do PP e 5 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene):

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE FENE, CON MOTIVO DO 8 MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O Grupo Municipal no Concello de Fene, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.

As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión. E a este escenario contribúe, certamente, a persistencia dos estereotipos de xénero; de aí que sexa preciso traballar en favor dun cambio cultural e de valores que modifique as actitudes e os roles que sustentan a desigualdade de xénero.

Un dos grandes retos para os vindeiros anos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

A conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto por homes coma por mulleres e debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións.

As empresas introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación.

As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.

Ademais, é fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia, a cultura ou o mundo do deporte.

Por último, non se pode esquecer que a manifestación máis cruel e inhumana da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero. A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.

A execrable lacra que representan todas as formas de violencia contra as mulleres teñen que centrar todos os esforzos das distintas administracións. Así o esixe a sociedade no seu conxunto xa que, nesta materia, só se conseguen avances se hai un compromiso integral desde todos os ámbitos, para seguir impulsando na axenda como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Popular do Concello de Fene solicita ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

O Concello de Fene insta ao Goberno do Estado á:

1. Aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres, neste ano 2019
2. Aprobación da Lei de Conciliación e corresponsabilidade onde se teña en conta a racionalización horaria e favoreza a compatibilidade do traballo coa vida personal e familiar, neste ano 2019
3. Aplicación e cumprimento de todas as medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero cuxa competencia sexa estatal e, con especial consideración aos cambios legislativos aprobados e recollidos no Pacto.

O Concello de Fene insta á Xunta de Galicia a:

1. Fomentar, en colaboración coas entidades locais, dunha banda medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero para fomentar a igualdade entre mulleres e homes nos nenos e nenas participantes nestas actuacións. Doutra, impulsar os bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlles ás persoas, especialmente aquelas que residan nun concello rural, a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.
2. Continuar a desenvolver programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero coas entidades de iniciativa social e extender estes programas ás empresas e as entidades locais de Galicia neste 2019.
3. Dar cumprimento e aplicar todas aquelas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que afecten ao seu ámbito competencial."

**9. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista con motivo do día 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, para a súa consideración, debate e posterior aprobación polo Pleno do Concello de Fene**

Consta no expediente a Moción do grupo Mixto municipal, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Dinamización Social e Transparencia do 27.02.2019 por 1 voto a favor do grupo municipal Socialista e 6 abstencións (2 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo Mixto municipal e 1 do grupo municipal Somos Fene):

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CON MOTIVO DO DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE FENE”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

8 DE MARZO. O TEMPO DAS MULLERES, AVANCE SEN RETROCESO.

No Día Internacional da Mulleres, 8 de Marzo, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene aposta firmemente pola defensa dos dereitos, a liberdade e a seguridade das mulleres.

Sabemos que as políticas públicas de igualdade son o instrumento para mellorar, non só as vidas das mulleres senón de toda a cidadanía. Porque cando avanza as mulleres, avanza a sociedade e a democracia.

O PSOE está comprometido co cambio social que impulsa o feminismo. Non poderá haber verdadeira transformación se non se conta de maneira esencial coas mulleres, coa súa participación e contribución. Por iso e coa igualdade como alicerce, abanderamos xunto ao movemento feminista todas as conquistas para as mulleres en España.

O 8 de marzo de 2018 supuxo un fito histórico no noso país. As mulleres, acompañadas de moitos homes, alzaron a súa voz contra o machismo imperante. Demostraron a súa forza, sen posibilidade de volta atrás.

Desde o pasado mes de xuño contamos cun Goberno que, recollendo ese espírito do 8M, sitúa a igualdade como un asunto transversal na axenda política. Un Goberno que a defende, afianzando os avances logrados, fronte a aqueles posicionamentos políticos que pretenden eliminalos. E reafirmase na necesidade de seguir desenvolvendo políticas feministas desde todos os Ministerios porque as mulleres son discriminadas en todos os ámbitos.

Entre eles, é no laboral onde se produce unha das maiores desigualdades que viven as mulleres. Sen independencia económica non hai liberdade posible. Para loitar contra a brecha salarial, a precariedade e a discriminación no acceso ao emprego e á promoción profesional, o Goberno impulsou unha proposición de Lei de Igualdade Laboral do PSOE que contribuirá a erradicalas.

Na desigualdade entre sexos está a raíz da violencia de xénero que no noso país acabou coa vida de 984 mulleres desde 2003, cando se comezan a contabilizar os asasinatos machistas. Para acabar con elas son necesarios instrumentos específicos, como a Lei de Violencia de Xénero, que foi pioneira en Europa. Tentar confundila coa doméstica é devolvela ao espazo privado, invisibilizando o seu carácter machista, en lugar de considerar a protección das mulleres e os seus fillos e fillas un asunto de toda a sociedade. Para o Goberno a violencia de xénero é o principal problema do noso país, por iso, a posta en marcha do Pacto Contra a Violencia de Xénero foi unha prioridade, que se plasmou no Real Decreto Lei de Medidas Urxentes, aprobado o pasado 3 de agosto, que inclúe importantes melloras respecto da situación das vítimas e os seus fillos e fillas.

As mulleres sofren outras violencias polo feito de ser mulleres, como a sexual, cuxa tipificación na normativa española está a revisar o Ministerio de Xustiza, co obxectivo de establecer sen ambages que “Se unha muller non di si, todo o demais é non”. Ademais, impulsouse unha lei para a formación en perspectiva de xénero dos operadores xurídicos.

A prostitución e a explotación sexual tamén son violencia machista, que cosifica e mercantiliza ás mulleres. No noso país, as cifras son terribles. O Goberno, lonxe de manterse indiferente, traballa nunha lei que a aborde de maneira integral, seguindo o modelo abolicionista de países como Suecia.

As mulleres teñen que elixir a súa maternidade libremente, por iso non permitiremos que se poña en risco o dereito ao aborto. E por iso, o Goberno devolveu a todas as mulleres o acceso á reprodución asistida independentemente da súa orientación sexual ou o seu estado civil.

O partido Socialista rexeita a xestación por substitución, eufemismo de ventres de aluguer, porque socaba os dereitos das mulleres, en especial das máis vulnerables, mercantilizando os seus corpos e as súas funcións reprodutivas. O Goberno perseguirá ás axencias que ofrecen cada ano por centos de familias españolas esta práctica a propósito de que está prohibida no noso país.

Avanzar cara á igualdade é unha responsabilidade que nos interpela individualmente e como sociedade. E que tamén obriga a todas as Administracións, desde a estatal até a local. Unha das primeiras medidas adoptadas polo Goberno foi precisamente devolver as competencias en materia de igualdade aos Concellos, os máis próximos á cidadanía. E duplicar a súa partida orzamentaria vinculada ao Pacto de Estado.

O Partido Socialista apoia a iniciativa de folga e paros propostos polo movemento feminista e os dous sindicatos maioritarios (UXT e CCOO) para o día 8 de Marzo, e insta aos demais Grupos Municipais e aos e as traballadoras a sumarse a esta medida de concienciación e reivindicación ante a situación de desigualdade que viven as mulleres neste país.

Porque a pesar das conquistas, aínda persisten discriminacións que impiden ás mulleres participar en igualdade de condicións en todos os ámbitos da sociedade, desde o Grupo Municipal Socialista instamos aos demais Grupos Municipais do Concello de Fene á aprobación polo Pleno dos seguintes

#### ACORDOS:

- 1.- Todos os Grupos Municipais sumámonos á iniciativa do movemento feminista e os Sindicatos maioritarios (UXT e CCOO) de convocatoria de folga e paros NO DÍA DO 8 DE MARZO e animamos aos e as traballadoras a sumarse a eles, como unha medida de concienciación e reivindicación sobre a necesidade de que as mulleres, como lles corresponde, participen en igualdade de todos os espazos da sociedade.
- 2.- O Pleno do Concello de Fene solicita aos Grupos Parlamentarios representados no Congreso dos Deputados a aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, así como dar traslado deste acordo aos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados.
- 3.- Todos os Grupos Municipais comprometémonos a traballar polo avance da sociedade cara á igualdade de xénero, rexeitando calquera retroceso en dereitos e liberdades para as mulleres.
- 4.- Todos os Grupos Municipais instan á elaboración e presentación para a súa aprobación dun Plan de Igualdade específico para os traballadores e traballadoras do Concello, no que figuren as diferentes medidas a adoptar para eliminar calquera discriminación de xénero e contemple as medidas que se consideren ao obxecto de facilitar a conciliación da vida laboral.

En Fene a 25 de Febreiro de 2019,  
Antón Lois Noceda Carballo  
Voceiro do Grupo Municipal Socialista  
Concello de Fene"

**O alcalde propón que se emenden as mocións dos puntos 6, 7, 8 e 9 da orde do día de forma que sexan substituídas pola Moción conxunta que presentan subscriba os grupos do PP, mixto, BNG e socialista, o que é aceptado polos distintos grupos proponentes, quedando, polo tanto, substituídas pola que segue:**

"MOCIÓN CONXUNTA QUE PRESENTA O CONCELLO DE FENE , CON MOTIVO DO 8 MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Os Grupos Municipais abaixo firmantes do Concello de Fene, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.

En todo o mundo, as mulleres gañan só entre o 60 e o 75% do salarios dos homes en traballos similares. A longo prazo, esta fenda salarial afecta ás súas pensións. Ademais, as mulleres se atopan cun maior risco de pobreza e exclusión social que os homes, instalándose especialmente nos fogares monoparentais. En Galicia a fenda salarial entre mulleres e homes sitúase nun 30%. Esta é a porcentaxe na que debemos incrementar os ingresos medios das mulleres para igualar ao dos homes e conseguir equiparación retributiva. Así, segundo os últimos datos da Enquisa Anual de Estructura Salarial do 2016, as mulleres ingresaron 5.480 euros menos que os homes polo seu traballo asalariado.

Un dos grandes retos para os vindeiros anos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

Sabemos que as políticas públicas de igualdade son o instrumento para mellorar, non só as vidas das mulleres senon de toda a cidadanía. Porque cando avanza as mulleres, avanza a sociedade e a democracia.

As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.

Ademais, é fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia, a cultura ou o mundo do deporte.

Por último, non se pode esquecer que a manifestación máis cruel e inhumana da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero. A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.

A execrable lacra que representan todas as formas de violencia contra as mulleres teñen que centrar todos os esforzos das distintas administracións. Así o esixe a sociedade no seu conxunto xa que, nesta materia, só se conseguen avances se hai un compromiso integral desde todos os ámbitos, para seguir impulsando na axenda como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres.

Por todo o anterior, os Grupos Municipais do Concello de Fene solicítanlle ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

O Concello de Fene insta ao Goberno do Estado á:

1. Aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres. Articulando na práctica políticas globais con dotación económica suficiente, de xestión pública, con estatísticas e avaliacións, que cambien a realidade material das mulleres, en aras dunha igualdade real.
2. Aprobación da Lei de Conciliación e corresponsabilidade onde se teña en conta a racionalización horaria e favoreza a compatibilidade do traballo coa vida personal e familiar.

3. Aplicación e cumprimento de todas as medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero cuxa competencia sexa estatal e, con especial consideración aos cambios legislativos aprobados e recollidos no Pacto.

O Concello de Fene insta á Xunta de Galicia a:

1. Fomentar, en colaboración coas entidades locais, dunha banda medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero para fomentar a igualdade entre mulleres e homes. Doutra, impulsar os bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlles ás persoas, especialmente aquelas que residen nun concello rural, a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.
2. Continuar a desenvolver programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero coas entidades de iniciativa social e extender estes programas ás empresas e as entidades locais de Galicia.
3. Dar cumprimento e aplicar todas aquelas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que afecten ao seu ámbito competencial.

E para o Concello de Fene acordan:

1. Os Grupos Municipais apoian á iniciativa do movemento feminista e aos sindicatos maioritarios da convocatoria de folga e paros No Día Do 8 De MARZO e consideran o dereito dos/as traballadoras a sumarse a eles, como unha medida de concienciación e reivindicación sobre a necesidade de que as mulleres, como lles corresponde, participen en igualdade de todos os espazos da sociedade. Facilitar con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres no 8 de marzo.
2. O Pleno do Concello de Fene solicita aos Grupos Parlamentarios representados no Congreso dos Deputados a aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, así como dar traslado deste acordo aos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados.
3. Os Grupos Municipais comprometémonos a traballar polo avance da sociedade cara á igualdade de xénero, rexeitando calquera retroceso en dereitos e liberdades para as mulleres.
4. Todos os Grupos Municipais velarán polo bo desenvolvemento do III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Fene e facilitarán a súa implementación e correspondente partida orzamentaria que sexa suficiente para desenvolver cada unha das diferentes liñas estratéxicas de actuación descritas nas cinco áreas que aborda o mencionado III Plan.
5. Enarbolar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.

En Fene, 7 de marzo de 2019  
Rocío A. Bértoa Puente  
Voceira do GM P.P

Juventino Trigo Rey  
Voceiro do GM BNG

Antón Lois Noceda Carballo  
Voceiro do GM PSOE

Xoan Manuel Rodríguez Bastida  
Voceiro do GM SOMOS FENE

María del Carmen Martínez Rodríguez  
Voceira do GM MIXTO"

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. **Os Grupos Municipais apoian á iniciativa do movemento feminista e aos sindicatos maioritarios da convocatoria de folga e paros No Día Do 8 De MARZO e consideran o dereito dos/as traballadoras a sumarse a eles, como unha medida de concienciación e**



**reivindicación sobre a necesidade de que as mulleres, como lles corresponde, participen en igualdade de todos os espazos da sociedade.**

**Facilitar con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres no 8 de marzo.**

**2. O Pleno do Concello de Fene solicita aos Grupos Parlamentarios representados no Congreso dos Deputados a aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, así como dar traslado deste acordo aos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados.**

**3. Os Grupos Municipais comprometémonos a traballar polo avance da sociedade cara á igualdade de xénero, rexeitando calquera retroceso en dereitos e liberdades para as mulleres.**

**4. Todos os Grupos Municipais velarán polo bó desenvolvemento do III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Fene e facilitarán a súa implementación e correspondente partida orzamentaria que sexa suficiente para desenvolver cada unha das diferentes liñas estratéxicas de actuación descritas nas cinco áreas que aborda o mencionado III Plan.**

**5. Enarbolar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.**

### **11. Mocións urxentes**

O alcalde di que hai varias mocións presentadas, entre elas, quedou pendente unha presentada polo grupo mixto municipal co título "Moción municipal do Grupo Municipal de Esquerda Unida de Fene en reprobação do ex ministro Pedro Morenés polo diamento e parálise dos contratos das fragatas F-110 para os estaleiro de Navantia Ferrol", en nome do Comité de Empresa de Navantia.

A voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez di que tiña presentada unha moción: "Moción municipal do Grupo Municipal de Esquerda Unida de Fene en reprobação do ex ministro Pedro Morenés polo diamento e parálise dos contratos das fragatas F-110 para os estaleiro de Navantia Ferrol", en nome do Comité de Empresa de Navantia. Non obstante, logo de explicarlle ao Comité que non se lle facilitou a urxencia no Pleno anterior o propio Comité pediulle, posteriormente, que a retirase, motivo polo que procede a súa retirada.

#### **11.1 Moción do grupo municipal Somos Fene de apoio ás medidas solicitadas ao Goberno do Estado (no Consello Interterritorial do SNS) polo Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia para buscar solución á crise da Atención Primaria en Galicia**

O voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida presenta esta moción e di que a urxencia vén motivada porque esta xuntanza realizouse o pasado día 5 e a ministra dixo que estaba a novas propostas na vindeira xuntanza, posiblemente do mes de abril.

A moción é incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a súa urxencia logo de obter 12 votos a favor (7 do grupo do PP, 2 de Somos Fene e 3 do grupo socialista), 1 voto en contra do grupo mixto e 4 abstencións do grupo do BNG.

"MOCION URXENTE

Xoán Manuel Rodríguez Bastida portavoz do grupo municipal de SOMOS FENE

Ao amparo do disposto no artigo 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo RD 2569/86 de 28 de Novembro, presenta para o seu debate e posterior aprobación, si procede, a seguinte MOCIÓN:

OBJECTO

Apoio as medidas solicitadas ao Goberno do Estado (no Consello Interterritorial do SNS) polo Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia para buscar solución á crise da Atención Primaria en Galicia.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno do mes de febreiro foi debatida a situación crítica que está atravesando a Atención Primaria (Medicina de Familia e Pediatría) no noso concello e no resto do país, e a necesidade de encontrar a solución adecuada para garantir unha atención de calidade para o estado de saúde da cidadanía.

O día 5 deste mes de marzo tivo lugar a xuntanza do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Para dar solución ao problema acuciante de déficit de médicos especialmente na Atención Primaria o Conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, propuxo ampliar na próxima convocatoria o número de prazas para médicos internos e residentes (MIR), así como a necesidade de acreditar novas unidades docentes para Médicos de Familia e Pediatría. Tamén solicitou unha convocatoria extraordinaria este ano dirixida especificamente a Medicina de Familia e Pediatría.

A ministra de Sanidade, Luisa Carcedo, comunica que se van incrementar 484 prazas para a próxima convocatoria MIR, pero serán para repartir polas distintas especialidades médicas. Ela mesmo considera que as prazas resultantes deste incremento previsto non son suficientes, que está aberta a incrementalas, podendo negociarse nunha segunda ronda do Consello Interterritorial do SNS.

Asimesmo valorou a petición de Galicia e outras Comunidades Autónomas para realizar unha convocatoria extra do MIR enfocada a solucionar os déficit nas especialidades máis necesitadas de Medicina de Familia e Pediatría descartando facela.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de SOMOS FENE presenta ao Pleno da Corporación para debate e aprobación, se procede, o seguinte acordo:

#### ACORDO

Instar ao goberno do estado e á súa ministra de Sanidade para que tome en consideración as propostas do Conselleiro de Sanidade de Galicia, e aceptando a súa proposta de negociación, na próxima xuntanza do Consello Interterritorial do SNS comunique o necesario incremento de prazas para a próxima convocatoria MIR e a convocatoria extraordinaria específica para prazas de formación de Medicina de Familia e Pediatría.

En Fene a 7 de marzo de 2019  
Xoán Manuel Rodríguez Bastida"

O concelleiro do grupo socialista Joaquín Julián Ayala considera que o sistema de saúde de Galicia necesita unha nova política e que ata o de agora o Consello de Sanidade non conseguiu xuntar nunha mesa aos colectivos científico e colexio de médicos.

A voceira do grupo mixto, Sra. Martínez, di que non lle ve pés nin cabeza á moción, inda que lle gustaría apoiala.

O Sr. Bastida di o Consello sentouse, pero non chegou a un acordo total. Engade que o Consello Interterritorial terá unha xuntanza en abril e a Ministra está aberta a negociar e que se lle dean novas propostas. Hai unha oportunidade interesantísima de incrementar unidades docentes. A petición é que na convocatoria ordinaria do MIR se convoquen 1500 prazas máis e por iso é preciso que antes estean acreditadas novas unidades docentes.

O concelleiro do grupo socialista Joaquín Julián Ayala di que ven a necesidade de aumentar as unidades docentes pero non ven ben a redacción do acordo e propón unha emenda que non é aceptada polo Sr. Bastida.

A voceira do grupo mixto, Sra. Martínez, propón que se retire e se refaga a moción para concretala.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 9 votos a favor ((7 votos do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene), 1 voto en contra do grupo mixto e 7 abstencións (4 do grupo municipal do BNG e 3 do grupo municipal Socialista).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Instar ao goberno do estado e á súa ministra de Sanidade para que tome en consideración as propostas do Conselleiro de Sanidade de Galicia, e aceptando a súa proposta de negociación, na próxima xuntanza do Consello Interterritorial do SNS comunique o necesario incremento de prazas para a próxima convocatoria MIR e a convocatoria extraordinaria específica para prazas de formación de Medicina de Familia e Pediatría.**

### **11.2 Moción do grupo municipal do BNG sobre risco de desaparición da Confraría de Barallobre**

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey presenta esta moción e xustifica a súa urxencia polo ERE que presentou a Confraría de Barallobre que afecta a 5 dos seus 7 traballadores e que tamén afectará as dúas persoas que quedan; o despido produciuse o 15 deste mes polo que non se podería tratar antes do vindeiro Pleno.

A moción é incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a súa urxencia por unanimidade dos concelleiros presentes:

Moción sobre risco de desaparición da Confraría de Barallobre

09E

09E

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, sobre o risco de desaparición da Confraría de mariscadores e mariscadoras de Barallobre.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Fene veu apoiando historicamente o sector do marisqueo colaborando coa Confraría de Barallobre. O marisqueo foi de sempre un sustento económico de moitas persoas, maioritariamente mulleres, que ao longo dos anos foi mellorando en medios e na distribución. Hai só 20 anos que a ría de Ferrol era a mais productiva de toda Galiza. Serviu en grande medida para amortiguar o impacto do desmantelamento do naval e daba sustento a centos de familias. Desde entón a cousa mudou radicalmente. Hoxe os recursos marisqueiros están en mínimos, apenas hai cada día mais de 20 embarcacións no mar, e o marisqueo a pé pasa por mínimos.

Neste contexto a Confraría de Barallobre, ante a imposibilidade de pagar aos seus empregados, viuse na obriga de despedir a 5 dos 7 que ten, a saber, os dous vixiantes, unha auxiliar administrativa, a encargada da limpeza da depuradora e o biólogo, e aínda así non ten asegurada a súa supervivencia como entidade. Mais isto non aconteceu porque si, e ten un responsábel claro, o Partido Popular.

A pesar de ser a ría de Ferrol a de maior contaminación microbiolóxica de toda Galiza, foi a última (2017) en ter senllas EDAR (norte e sul), mais aínda hai zonas C (Caranza, A Malata, e agora tamén de novo a zona entre Montón e Astano). Desde o ano 2.008, en que comezan as restriccións á extracción marisqueira por zonas C, permanecen abertos ininterrumpidamente os bancos de libre marisqueo a flote (hoxe están totalmente esquilados, medida non admitida en ningún banco marisqueiro en Galiza. Para o banco das Pías ocorre o mesmo, apenas 2 meses de descanso ao ano, cando o normal son 6. O servizo de inspección pesqueira da Consellería do Mar ten asignado á ría de Ferrol unha soa persoa.

A combinación de destrución dos bancos marisqueiros por contaminación, mais a explotación irracional dos mesmos, permitindo uns plans de explotación que non son admitidos en ningún outro sitio de Galiza, e a inexistencia dun servizo de inspección pesqueira suficiente para o control dos recursos leva á situación actual.

A todo isto hai que sumar a situación particular da Confraría de Barallobre. Non é casual o show mediático do 20 de abril de 2016 (a Gardía Civil entra na Confraría e leva detidos a 3 traballadores e ao patrón) apertura de telexornais e portada de prensa. Ano e medio despois o proceso é pechado sen sequera chamar a declarar. Mais o obxectivo estaba conseguido. Criminalización dun sector, dunha confraría en concreto e de certas persoas concretas, e un grande prexuízo económico á Confraría. E coñecendo a situación na que está a Confraría, en decembro de 2018 comunican desde a Consellería que non se renova o proxecto polo cal se paga á asistencia técnica e vixiantes, a desculpa é unha multa, a realidade é a asfixia económica programada.

Pérdense postos de traballo, pérdese capacidade de control e planificación dos bancos marisqueiros, pérdese capacidade de loita contra o furtivismo e está en risco a supervivencia da segunda empresa mais grande de Fene con mais de 100 anos de historia e mais de 120 socios e socias.

Porqué fai isto o PP? O obxectivo da Consellería do Mar, tal como está recollido no proxecto de lei de acuicultura, parado pola presión do sector, é o da privatización da xestión dos recursos. Entregar os recursos marisqueiros a empresas privadas.

Polo exposto propomos ao Pleno a adoción dos seguintes acordos

1.- Instar á Consellería do mar da Xunta de Galiza a elaborar un Plan de rexeneración real en coordinación coas demais administracións estatais, autonómicas e locais e as Confrarías, para a ría de Ferrol que contemple medidas, prazos, obxectivos e recursos económicos para desenvolvelo no prazo mais breve posíbel.

2.- Reclamar á Xunta de Galiza un Plan ambiental que garanta a calidade das augas e os fondos mariños da ría.

3.- Instar á Consellería do mar a que dote á ría de Ferrol de persoal suficiente de inspección pesqueira, que xunto coas asistencias técnicas e vixilancias das tres Confrarías permita evitar a extracción e comercialización ilegal de marisco desta ría.

4.- Solicitar unha reunión da alcaldía e os portavoces municipais coa Conselleira do Mar para demandar unha solución á situación da Confraría de Barallobre, que garanta o seu futuro e viabilidade.

Fene, 5 de marzo de 2019"

Despois de manifestar o seu apoio á moción os grupos socialista e mixto, toma a palabra o alcalde para dicir que o seu grupo está a favor dos puntos de acordo, pero non na intención do BNG de politizar pretendendo levantar a 120 familias contra a consellería. A Confraría foi a primeira co anterior conselleiro en ter depuradora e permitiúselles a venda directa, o que permitiu sacar dos maioristas a venda, costándolle á Xunta de Galicia a protesta dos comercializadores.

Por outra parte subvencionouse a sembra da cría de ameixa e pagouse a limpeza da ría, remodelándose todo o porto creando prazas para profesionais e deportivos; abríronse ocos no pantalán de Maniños que permitiu rexenerar a zona de Barallobre gañando zona para cultivar.

A depuradora da zona sur da ría foi a primeira en entrar en funcionamento hai catro anos, cando Ferrol inda segue vertendo.

Hai seis confrarías nesta situación por débedas e multas de hai moitos anos e hoxe por normativa europea, por esas multas impídeselles aprobar plans e subvencións.

Dalle pena que se diga que a consellería non apoia a confraría e pide que se retiren as seguintes frases:

-“ Mais isto non aconteceu porque si, e ten un responsábel claro, o Partido Popular.”

-“ Porqué fai isto o PP? O obxectivo da Consellería do Mar, tal como está recollido no proxecto de lei de acuicultura, parado pola presión do sector, é o da privatización da xestión dos recursos. Entregar os recursos marisqueiros a empresas privadas.”

O voceiro do grupo Somos Fene, Sr. Rodríguez Bastida, di que non están de acordo coa exposición de motivos e que a destrución dos bancos marisqueiros non se fixo en catro nin cinco anos, tamén se destruían cando gobernaba o Psoe.

O Sr. Trigo Rey acepta retirar a frase " Mais isto non aconteceu porque si, e ten un responsábel claro, o Partido Popular.", pero non o outro parágrafo porque foi a presión do sector a que paralizou o proxecto de acuicultura, polo que nisto non estar a dicir nada que non fora real.

O alcalde anuncia o voto en contra do seu grupo.

**Sometido o asunto a votación non foi aprobado por maioría simple co voto de calidade do alcalde, logo de obter en primeira e segunda votación 8 votos en contra (7 votos do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 8 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).**

## 12. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se lle facilite a documentación solicitada anteriormente relativa a pregos, proxectos, adxudicacións e contratos.

- Solicitouse hai días a memoria xustificativa das actividades de Fene Vivo e se lles entrou só as das actividades cando tamén pedían a memoria económica. Roga que se lle acheguen.

- Presentáronse as alegacións ao proxecto de transporte público regular de viaxeiros, en concreto á relativa á ruta circular ou volta a rúa de Ferrol?.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Juan José Franco Casal, que di se presentaron e foron incluídas todas as achegas que os grupos fixeron na Comisión. O escrito de alegacións se incluíra na carpeta da vindeira Comisión.

- Entrou unha circular de Vicepresidencia relativa aos gastos do funcionamento dos xulgados de paz. Isto afecta en algo ao réxime que había antes?.

Contéstalle o alcalde que lle achegará unha copia do escrito.

- Por que se están pintando distintas sinalizacións horizontais respecto de seguridade viaria e aparcadoiro. Por que nas prazas de mobilidade reducida ou minusválidos estanse pintado dun xeito distinto?

Contéstalle a concelleira de Seguridade, Sra. Bértoa, que deu conta na Comisión que se comezou no casco urbano de Fene e Perlío. Di que a ela tamén lle chamou a atención que as dúas prazas de fronte o Concello fosen distintas ás do resto do Concello, pensa que cumpren a normativa, non obstante, o revisará.

- De quen foi a idea de pintar as prazas de aparcamento da rúa do Concello?. Hai 20 anos que están mal pintadas e agora vólvense pintar mal. O normal é que se pintaran ao sentido da marcha.

Contéstalle a concelleira de Seguridade que é unha reivindicación de todos, así a concelleira do grupo Mixto cando pasou á oposición foi a primeira reivindicación que fixo. Trátase dunha mellora provisional antes de facer o arranxo enteiro da estrada, así a súa intención é arranxar a rúa se continúan no goberno pero todos saben que precisa de moitos permisos para arranxala. Cando se faga verase se hai que facer unha reordenación do tráfico e establecer unha rúa dunha única dirección.

- Pintáronse en varios sitios o da zona azul, pero sen ordenanza non ten ningunha validez. Por que se pintou isto sen ordenanza?, aínda que sexa dun xeito non intencionado estase enganando aos veciños.

Contéstalle a concelleira de Seguridade que realmente non hai unha regulación estensa, pero a ordenanza de tráfico prevé a competencia da alcaldía para desenvolver a norma que han de rexer

nos aparcadoiros rotatorios e o apartado de sancións xa están previstas para as zonas azuis. En estradas que non son de competencia municipal hai autorización de Fomento, así como para as zonas de carga e descarga, que non existían no Concello. Por outro lado na avenida do Concello se trata dunha competencia municipal e aproveitouse para facelo xunto á mellora provisional das prazas de aparcamento. Non entrou en vigor aínda que se pode entender que se pode facer unha regulación máis estensa. Pon como exemplo que no Concello concédense licencias de pasaxe e non hai ordenanza que as regule o que non implica que non se sigan dado, igual que as terrazas que aínda que non había ordenanza, fiscalmente seguían a existir. Neste sentido se fixo e pensa que non están confundindo á veciñanza. En breve colocarse a sinalización vertical que será cando entre en vigor.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Justo Martínez Ardá, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Logo de ter acceso ás facturas, veu que entraron distintas facturas de rebacheos, pregunta pola factura do Trabado e Limodre porque non ten constancia de que exista ningún camiño con ese nome en Limodre. Hai outra factura de 35000 euros que non indica onde se fixo eses traballos, por iso pregunta onde foron os traballos?.

Contéstalle o alcalde que a denominación dese camiño é posible que sexa na Trabanca.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Justo Martínez Ardá, pide copia do informe.

O concelleiro de Servizos contéstalle que hai un informe igual que o que fixo o seu goberno, que di que os camiños son municipais.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que di que hai un informe dos rebacheos a facer nos camiños municipais, segundo o que fixo o goberno do BNG no seu momento. O enxeñeiro indicou que eran camiños públicos. O camiño do Trabado é o que baixa cara río Castro e se mete a esquerda onde os chalets.

Roga que a estrada que vai dende o Polígono a Limodre se rebachee, porque hai unha zona que está bastante mal. Cando estaban na oposición a lembraban continuamente e agora segue a estar mal.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que si que está mal, que neste camiño hai que ir facendo remendos ata que non se aglomere todo.

Para a semana farán outra reparación dese sitio concreto.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Sr. Franco, que unha parte importante deste camiño foi incluído nunha das 13 subvencións das que deu conta na Comisión de Facenda. Unha delas é a da Xunta de Galicia que subvenciona un 80% do importe. A parte restante quedaría para unha segunda fase.

O alcalde engade que as dúas fases cubrirán todo o camiño, non como en Limodre onde hai alí un cachiño pequeno.

- Hai uns meses o alcalde dixo que era un despilfarro os gastos da cabalgata de reis que eran de 18000 euros aproximadamente. Como veu as facturas comprobou que esta ano van por 25000 euros, a falta de que lle faciliten a documentación, cando a actividade foi máis ou menos a mesma. Pregúntalle o alcalde se isto lle parece un despilfarro ou unha boa xestión agora?.

Contéstalle a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que non entenda mal as palabras do que foi voceiro do partido Popular, hoxe alcalde. Iso foi unha pregunta que lle fixo á voceira do grupo Mixto, respecto de que lle parecía a ela agora a vostede o que se gasta na cabalgata de reis?. A el non lle parecía que era moi custoso.

A continuación intervén o alcalde que di que ademais, a voceira do grupo Mixto dicíalle daquela que estaban mellor vestidos os cartos en servizos sociais que na cabalgata.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Justo Martínez Ardá, pregúntalle ao alcalde que lle parece que a cabalgata pasase de 18000 euros a 25000 euros.

Contéstalle o alcalde que lle parece estupendo.

- Segundo as respostas da Comisión de Cultura e Deportes, quere saber como foi a contratación da pista de xeo, xa que non entende que se lle pague a unha empresa para que instale unha actividade pola que despois cobra entrada á xente que a use.

Contéstalle o concelleiro de Deportes, Sr. Rodríguez Bastida, que se tratou do contrato habitual que propoñen todas as empresas. Se os anos anteriores o tivesen feito daríanse conta que é o que propoñen en todos os sitios, así en Narón ou en Ferrol pagáronse 6 euros.

A voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Cando lle vai responder o concelleiro César Castro?, porque pensa que vai polo terceiro Pleno consecutivo que se vai antes de tempo. A última que fixo foi referida á Asociación de comerciantes que se lle dixo que lla pasarían, pero na Comisión llo quixo preguntar e tampouco asistiu.

Contéstalle o alcalde que lle contestará por escrito ou no vindeiro Pleno.

A continuación contéstalle o concelleiro de Deportes que o que pasou é que unha persoa foi contrariada polo Sr. Castro xa que se trataban de intereses moi particulares e de feito os representantes da asociación déronlle as grazas pola súa intervención.

- Cando se lle vai facilitar a documentación que ten pedida?

Contéstalle o alcalde que revisará o que hai pendente para entregarllela.

- Cando se vai iniciar o obradoiro de memoria activa?, xa que ese era un dos seus puntos estrela cando presentaron a moción de censura.

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais, Juana Barro Couto, que non se puido comezar porque, como dixo na Comisión, houbo que modificar o prego porque a hora estaba moi barata e a empresa que o facía deixouno e avisou de que non ía seguir. Por este prezo ninguén quería facer a actividade polo que houbo que facer un prego para logo adxudicalo.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Pregúntalle se alguén pasou polas casas do río Cádavo para saber dos movementos que hai, se ten perigo ou non?.

- A onde se trasladou a caseta de información de San Valentín?.

- Levan que tempo pedindo que se arranxe Piñeiro Manso e comprobaron que se botou zahorra pero non sabe se quedou mellor ou peor do que estaba.

Contéstalle o alcalde que a obra de Piñeiro Manso non ten nada que ver coas obras con cargo ao remanente. O concelleiro de Servizos engade que non se lle botou nada.

- Na rúa Ameneiral rematáronse as obras, pero hai un tramo que se xustifica un ancho da beirarrúa para que pasen cadeiras de rodas pero carece de accesibilidade. Hai previsto remendar isto?. Tamén hai algúns desaugues que poderían estar recuados. Botan en falta que non se estivese un pouco máis enriba desta obra.

Contéstalle o alcalde que o estivo vendo con algún veciño e o enxeñeiro e di que a diferenza de ancho das beirarrúas é porque alí hai algún edificio fóra de ordenación e hai que respectalo, non obstante o revisará.

- Pediu varias veces que se limpase o paso elevado, traballouse alí pero non se rematou, hai máis dunha semana que se deixou de traballar pero o paso está pechado para a xente.

- Roga que nos tramos que van dende Aguilar a Galiña Azul o estado das beirarrúas viña estando moi mal, tamén na rúa da Paz, polo que convén arranxalo. Como é titularidade da Xunta de Galicia roga que lle insten que o arranxen.

Contéstalle o alcalde que os tramos que van de Aguilar á escola están adxudicados, o que é o proxecto da Xunqueira e de Peirao Hortelá, pero esta última farase alá polo Allegue, porque o resto é da Xunta de Galicia.

- Roga a limpeza das rexillas da rúa Hortelá.

- Roga que se amplíe unha praza máis de aparcamento na proximidade do centro de saúde, que se pasase de tres a catro.

- Como vai o proxecto das beirarrúas da Galiña Azul do Carril?.

Contéstalle o alcalde que se aprobou foi as verteduras do Carril. O proxecto das beirarrúas do Carril estanse aínda coas cesións aínda que case que pode asegurar que unha, xuridicamente, é imposible de acadar, aínda que o seguirán intentando.

- Houbo problemas coa calefacción da Galiña Azul do Carril, xa se fixeron xestións para o seu arranxo?.

Contéstalle o alcalde que se fixo un informe coas deficiencias que había, sobre a auga das baixantes e dos problemas do termostato da calefacción. Este informe mandouse hai máis dun mes ao Consorcio.

- Lembra os proxectos de parques infantís pendentes do 2015 e 2016 e se hai unha previsión para o comezo destas obras?.

Contéstalle o alcalde que estes proxectos están adxudicados á empresa Iam Rumbo.

- Deuse conta ao Fondo Galego do acordo das achegas que tomou este Pleno?.

Contéstalle o alcalde que non o sabe pero o preguntará.

- Ten visto o camiión do lixo, cando vai cara Neda, que hai veces que recolle o lixo usando os dous sentidos da calzada incluso cando hai liña continua. Roga que se revise isto.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.48 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.